



Artigo 1º: CONSTITUCIÓN

1. Constitúese na cidade de Santiago de Compostela, provincia da Coruña, unha Asociación que se denominará **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** (en siglas: **S.G.E.P.**).
2. A Asociación **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** rexerese pola Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo de 2002, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias que lle foren de aplicación e polos presentes Estatutos.

Artigo 2º: NATUREZA

○ **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** defínese, xenericamente, como unha Asociación sen ánimo de lucro e Organización Non Governamental, aos efectos legais pertinentes.

Artigo 3º: OBXECTIVOS E FINS

○ **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** ten como obxectivo e fin o traballar a prol da mellora progresiva e xeral, individual e colectiva, das persoas cara á consecución dunha sociedade (nomeadamente a galega) máis xusta, sen explotación económica nin opresión política, sen prexuízos nin discriminacións (en razón de estado civil, doenza, idade, lingua, opción, sexual, posición social, orixe étnica, nacional..), sen bolsas de pobreza, marxinação ou exclusión, mediante a profundización democrática e o pleno exercicio de todos os dereitos humanos - individuais e sociais-, xunto co máximo respecto á dignidade humana, á paz, á democracia, á xustiza social e á igualdade, así como co fomento da solidariedade, o entendemento e a boa vontade universais, o antimilitarismo, a solución pacífica dos conflitos, o desarmamento e a utilización pacífica, racional e humanitaria dos avances científicos e técnicos, o impulso de modelos productivos enerxéticos ecolóxicos.

Artigo 4º: ACTIVIDADES

1. Para levar a cabo os seus fins e acadar os seus obxectivos, poderá o **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** organizar ou levar a cabo cantas actividades foren necesarias, nos distintos niveis territoriais previstos nos presentes Estatutos, someténdose en cada caso ao que dispuxer a lexislación vixente.
2. Dentro das actividades a desenvolver, sen ánimo de exhaustividade, pódense salientar as seguintes:
 - a) Promoción, organización, participación e cooperación en encontros, congresos, cursiños, simposios, conferencias..., así como divulgación por calquera medio do material obtido



b) Establecer relacións e convenios con outros grupos galegos, do estado español e estranxeiros con obxectivos afíns.

c) Emitir dictames, informes, relatorios...

d) Desenvolver estudos, investigacións, traballos monográficos..., de orixe propia ou de encargo

e) Actividades empresariais de edición, distribución e venda de publicacións con calquera soporte (libros, vídeos...), materiais varios,.. .

f) Execución de planos, programas e accións de intervención (directa), colaboracións, de O.N.G. para o desenvolvemento e a cooperación, de axuda, de voluntariado social, prestación de servizos sociais, etc..

g) Convocatoria e outorgamento de galardóns ou premios.

h) Sinatura de acordos e protocolos con institucións públicas e privadas de calquera ámbito.

i) Elaboración e emisión de comunicados, manifestacións e pronunciamentos públicos, execución de campañas de sensibilización social...

l) Creación dun Servizo de Documentación aberto a instancias públicas e privadas.

m) Convocatoria, consecución, financiamento ou execución de bolsas, becas, licencias por estudos, formación en prácticas.

n) Cantas outras estatutaria ou regulamentariamente se establezan.

3. Todas as actividades que desenvolva o **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ**, así como as dos seus Órganos de Goberno e as persoas membros dos mesmos, en canto tales, irán encamiñadas ao servizo dos devanditos fins e obxectivos e, en última instancia, ao ben xeral. En calquera caso, sen orde de prelación, referiranse a:

a) A Cultura e lingua galegas (e culturas e linguas minorizadas en xeral), particularmente verbo da súa defensa, normalización e promoción.

b) A Cultura de Paz con carácter xeral, e especialmente dentro dela, Educación para a Paz (e máis en concreto, traballo encol e con grupos colectivos marxinados, inmigrantes, xoves, muller, refuxiados, o chamado "terceiro mundo", ...).

c) O ámbito educativo, formal e informal, en calquera nivel, abrangendo tamén o sector das persoas adultas, desocupadas ou traballando (formación continua, ocupacional, ao longo da vida, ...) e do alumnado desescolarizado ou con fracaso escolar.



d) A Renovación Pedagóxica; nomeadamente a formación continua en exercicio ou a formación inicial dos e das profesionais da educación.

e) A problemática social, económica, política e cultural dos países en vías de desenvolvemento ou subdesenvolvidos, e, en xeral, de todos os grupos marxinados por razón de sexo, raza, nacionalidade, crenza, lingua ou modo de vida.

f) A Cultura e Arte en xeral (bibliotecas, deporte, exposicións, teatro, cinema...)

g) En xeral, os pobos, culturas, sociedades, poboacións, economías, historia, relacións internacionais, conflitos...

h) Ben público en xeral.

Artigo 5º: EMBLEMA, ANAGRAMA, SÍMBOLO

1. O emblema, anagrama ou símbolo do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** será unha pomba branca horizontal a voar, coa á aberta, en sentido de esquerda á dereita, cun ramallo de oliveira verde no peteiro, invadindo con medio corpo sobre o planeta en azul escuro cruzado coas liñas principais e bordos en preto. Todo iso sobre unha franxa azul (cor da bandeira galega) horizontal, de extremo a extremo das marxes do papel.

2. Tal emblema, anagrama ou símbolo figurará impreso na documentación do **SEMINARIO**.

Artigo 6º: SEDE

1. O enderezo e domicilio social principal do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** radicará na cidade de Santiago de Compostela (A Coruña - Galiza), rúa do Valiño 13-1º e código postal 15703.

2. O cambio do domicilio social consignado no punto anterior requirirá da decisión da Xunta Directiva mediante acordo motivado adoptado polos dous terzos do número total das persoas membros da mesma.

3. Dos acordos de apertura, cambio de domicilio ou poboación, ou fechamento do local social principal do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** darase comunicación ao Goberno Civil da provincia, mediante a certificación correspondente.

Artigo 7º: ÁMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial propio do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** é o da Comunidade Autónoma da Galiza.

Artigo 8º: ÁMBITOS XEOGRÁFICOS DE ACTUACIÓN

1. Sen prexuízo do establecido no anterior artigo, o **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** poderá desenvolver as súas actividades en calquera dos seguintes ámbitos xeográficos de



funcionamento indistintamente:

- a) Área xeográfica lingüística e cultural galega.
- b) Territorio do Estado Español.
- c) Ámbito Interrexional transfronteirizo Galiza-Norde de Portugal.
- d) Ámbito Europeo, en calquera dos abranguidos por algunha destas Institucións ou Organismos: Asemblea de Europa, Asemblea e Comité das Rexións de Europa (A.R.E./C.R.E.), Comité Sindical Europeo (C.S.E.), Comunidade Europea, Confederación Europea de Sindicatos (C.E.S.), Consello Económico e Social (C.E.S.), Consello de Europa, Espacio Económico Europeo (E.E.E.), Parlamento Europeo (P.E.), Unión Europea (U.E.).
- e) Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento (O.C.D.E.)
- f) O.N.U, UN.E.S.C.O., UN.IC.E.F,
- g) Calquera lugar do mundo onde, directamente ou a través de colaboración, mediante as accións que lle son propias, poida levar a cabo o seu labor para a Paz e o Desenvolvemento.

A supresión, modificación ou redución de calquera dos ámbitos territoriais de acción requirirán de acordo motivado adoptado por dous terzos do número total de persoas membros da Xunta Directiva.

Artigo 9º: DURACIÓN

1. O **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** constitúese cunha duración indefinida.

2. O **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** só se disolverá mediante Acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria, na forma prevista na Lei e nos presentes Estatutos, e por calquera das causas previstas na Lei.

Artigo 10º: PERSONALIDADE XURÍDICA

1. O **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** é unha entidade soberana e goza de personalidade xurídica independente e propia e dótase de plena capacidade de obrar para acadar os seus Fins e Obxectivos.

2. Dentro da estrutura do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** poderanse constituír, territorialmente, DELEGACIÓNS e, funcionalmente, SECCIÓNS e COMISIÓNS, sempre vencelladas e subordinadas a el, que gozarán de autonomía (de xestión), podendo chegaren a ostentar personalidade xurídica propia.



Artigo 11 °: ACTUACIÓN

O **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** basea a súa actuación nos Fins e Obxectivos fixados nos presentes Estatutos, nos Acordos validamente adoptados nas súas Asembleas Xerais e nas Resolucións dos órganos de Goberno regulados nestes mesmos Estatutos.

Artigo 12-: SECCIÓNS CONSTITUÍDAS

1. A Xunta Directiva, mediante acordo razoado adoptado pola maioría de dous terzos do total do número dos seus membros, decidirá a creación ou constitución das SECCIÓNS, agarda da aprobación definitiva pola Asemblea Xeral.

2. Sen carácter de exhaustividade. constitúense as seguintes SECCIÓNS:

- **SEMINARIO PERMANENTE DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** (en siglas: S.P.E.P.): concibido como Seminario Permanente de persoal docente, no ámbito educativo formal non universitario.

- **SEMINARIO GALEGO DE ESTUDIOS E INVESTIGACIÓNS SOBRE A PAZ** (en siglas: S.G.E.I.P.): interdisciplinar.

- **FORO DE REFLEXIÓN SOCIOEDUCATIVA** (en siglas: FO.R.SE.): lugar de encontro e opinión sobre a realidade e o futuro nos temas do eido da educación, mesmo os profesionais.

Artigo 13: ÓRGANOS DE GOBERNO

1. O goberno a dirección e administración do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** serán exercidos polos órganos Unipersoais de Goberno, e polos órganos Colexiados de Goberno.

2. Son Órganos Unipersoais de Goberno: A Presidencia, A Vicepresidencia, A Secretaría e a Tesourería (así como, se os houber, os correspondentes sectoriais e territoriais nos seus respectivos ámbitos).

3. Os órganos Colexiados de Goberno son: A Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, así como, se as houber, as distintas Xuntas Directivas Sectoriais e Asembleas Xerais Sectoriais, e, igualmente, as Xuntas Directivas Territoriais e as Asembleas Xerais Territoriais. nos seus respectivos ámbitos.

Artigo 14-: PRESIDENCIA

1. A Presidencia do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** é o órgano Unipersoal, electo en congreso, que impulsa o traballo dos órganos globais de goberno da Organización

2. A Presidencia asume e exerce a representación legal e pública do **SEMINARIO**, por delegación da Xunta Directiva.

3. A Presidencia asina conxuntamente coa persoa responsable da Tesourería. as contas globais do **SEMINARIO**.



4. O Presidente ou A Presidenta do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** ostentará as Presidencias da Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, convocará, levantará e dirixirá as sesións que estas celebren, decidindo co voto de calidade, en caso de empate.

5. A Presidencia executará os Acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral e velará polo cumprimento deles.

6. Aos efectos do punto anterior, a Presidencia poderá outorgar poderes ás persoas que en cada caso estimase oportuno para os fins concretos que se determinen, agás que a Asemblea Xeral decida o contrario.

7. Corresponderán á Presidencia cantas facultades non estiveren expresamente reservadas á Xunta Directiva ou á Asemblea Xeral, e especialmente as seguintes:

a) Propor o Plano de Actividades do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** á Xunta Directiva, pulando e dirixindo as súas tarefas.

b) Dirixir e coordinar as actividades da Xunta Directiva e impartir directrices a cada unha das persoas membros dela.

c) Sancionar e salvagardar as Actas das Xuntanzas que celebren os Órganos Colexiados que preside, así como os acordos adoptados legalmente por estes, e tamén dar o "Visto e Prace" aos documentos que expidan os membros da Xunta Directiva.

d) Asinar os escritos e comunicacións dirixidas ás autoridades ou órganos da Administración Pública.

e) Propor á Xunta Directiva a contratación ou nomeamento de cargos técnicos que sexan necesarios para o desenvolvemento das actividades do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ**.

f) Ordenar os pagamentos acordados validamente pola Xunta Directiva.

g) Cantas outras a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral determinen.

Artigo 15º: VICEPRESIDENCIA

A Vicepresidencia é o Órgano Unipersoal de Goberno, electo en congreso, que ten por misión substituír á persoa encargada da Presidencia nos casos de ausencia, doenza ou incapacidade desta, desenvolvendo e asumindo as mesmas competencias e funcións.

Artigo 16º: SECRETARÍA

1. A Secretaría é o Órgano Unipersoal de Goberno do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** que se responsabiliza do persoal da Asociación e asiste á Presidencia e á Vicepresidencia.



2. A Secretaría recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o Libro Rexistro de Socios e terá ao seu cargo a dirección dos traballos que requira o goberno e a administración do conxunto do **SEMINARIO**.

3. Incumbirá de maneira concreta á Secretaría velar polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de Asociacións, custodiando a documentación oficial do **SEMINARIO** e facendo que se cursen ao Goberno Civil da provincia as comunicacións sobre designación da Xunta Directiva, celebración de Asembleas Xerais, cambios de domicilios, formalización de estados de contas e aprobación dos orzamentos anuais.

4. A Secretaría será o órgano responsábel de propor á Xunta Directiva o nomeamento do Persoal de Secretaría ou Administración e, ademais, a súa retribución.

5. Amais das anteditas, a Secretaría ostentará cantas outras funcións e competencias a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral determinen.

Artigo 17º: TESOURERÍA

1. A Tesourería é o Órgano Unipersoal de Goberno que asume as responsabilidades das tarefas referidas á finanza, economía e contabilidade.

2. A Tesourería dirixirá a contabilidade do conxunto do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ**, tomará razón e levará conta dos ingresos e das gastos sociais, intervindo todas as operacións de orde económica.

3. A Tesourería recadará e custodiará os fondos pertencentes ao **SEMINARIO** e dará cumprimento ás Ordes de Pagamento que expida a Presidencia.

4. A Tesourería formalizará o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior que deben seren presentados á Xunta Directiva, para que esta, ao seu tempo, os someta á aprobación da Asemblea Xeral.

5. Con independencia das anteditas, a Tesourería asumirá cantas outras competencias lle atribúan a Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral.

Artigo 18º: DESIGNACIÓN DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO E DEMAIS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA .

1. Cando se trate da elección da Xunta Directiva pola Asemblea Xeral deberán acompañar á convocatoria os nomes das persoas que foren proclamadas candidatos e candidatas, aos efectos das cales ditos candidatos se deberán inscribir como tales na Secretaría, alomenos cun mes de antelación á celebración da Asemblea en que deban ser elixidos ou elixidas. Os pormenores da presentación de candidaturas, así como a celebración das eleccións, serán acordadas en cada caso pola Xunta Directiva.



2. O sistema de voto nas sesións da Asemblea xeral poderase facer á vista, a través de calquera signo externo ou mediante o sistema de votación secreta, con papeleta, o así o dispuxer a Presidencia. A elección de membros da Xunta Directiva farase sempre polo sistema de votación secreta, con papeleta.

3. Os membros da Xunta Directiva, incluídos ós Órganos Unipersoais de Goberno, do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** serán designados pola Asemblea Xeral entre Socios e Socias de pleno deleito.

4. Na mesma Sesión da Asemblea Xeral onde se designaren os membros da Xunta Directiva, estes, xa proclamados, proporán, de entre todos os membros do devandito organismo (fundadores e electos), á Asemblea Xeral, que deberá emitir o seu voto, a un Candidato ou Candidata á Presidencia.

5. Para resultar designada, a persoa candidata a un Órgano Unipersoal, ha de acadar a maioría dos votos emitidos. De non acadar a maioría esixida, os membros proclamados da Xunta Directiva procederán a propor outra candidatura, e así ata a conseguir. A seguir, e por esa mesma orde, levaranse a cabo os mesmos procedementos para designar os cargos de Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería.

6. O período de mandato dos cargos unipersoais, así como do do resto dos membros da Xunta Directiva será de tres anos.

7. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos e elixiranse pola Asemblea Xeral, podendo ser reelixidos.

8. Cada unha das persoas compoñentes da Xunta Directiva terá os deberes propios do seu cargo, así como os que nazan das DELEGACIÓNS, COMISIÓNS ou SECCIÓNS que a propia Xunta lles encomende.

9. Os Socios e Socias Fundadores son excepción á regra da elección ou designación pola Asemblea Xeral dos membros da Xunta Directiva e da duración dos cargos.

10. A medida que se vaian producindo vacantes dos Socios e Socias Fundadoras, estas irán sendo cubertas por Vocais electos ou designados pola Asemblea Xeral de entre os candidatos suplentes máis votados.

Artigo 19: COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

1. A Xunta Directiva comporase inicialmente, por un total máximo de 16 persoas, das que 9 serán necesariamente Socios Fundadores do **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ**. De entre os membros da Xunta Directiva saíran os cargos unipersoais de Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería. O resto dos membros terán a categoría de Vocais.

2. Ao total de membros indicados no punto 1 deste artigo poderanse unir, con plenos dereitos de voz



e voto, as persoas Responsábeis das distintas SECCIÓNS de ámbito global galego constituídas, así como das DELEGACIÓNS territoriais, se as houber.

Artigo 20º: FACULTADES DA XUNTA DIRECTIVA

1. Son competencias da Xunta Directiva:

a) No plano representativo: Exercer mancomunadamente a representación económica, xurídica e legal do **SEMINARIO**, delegando na Presidencia estas facultades; exercer as relacións exteriores e interiores; elaborar as publicacións e a propaganda de ámbito global, así como manter as relacións cos medios de comunicación; nomear aos representantes do **SEMINARIO** nos órganos de representación de ámbito global a nivel galego e extragalego, e coñecer os nomeamentos de representantes en órganos de carácter sectorial e territorial, resolvendo, se for o caso, as discrepancias que se puideren producir neses ámbitos.

b) No terreo do funcionamento: Convocar a Asemblea Xeral; aprobar o Regulamento da propia Xunta Directiva, se for o caso; programar e dirixir as actividades do conxunto do **SEMINARIO** e levar a xestión administrativa e económica do mesmo, sempre que non estiveren reservadas, en virtude de disposición legal ou estatutaria, á Asemblea Xeral; aprobar o programa anual de actividades; informar á Asemblea Xeral da súa planificación e da xestión desenvolvida, e presentar perante esta as propostas de acordo que considere; nomear o persoal colaborador da Xunta Directiva, fixando a súa retribución, e contratar traballos de profesionais ao servizo do **SEMINARIO**

c) No económico: Fixar as cotas e sobrequotas, salarios, e as transferencias e relacións financeiras entre estruturas; dirixir, co asesoramento da Tesourería, as funcións económicas do **SEMINARIO**, e acordar os pagamentos, función esta que poderá delegar na Presidencia; someter á aprobación da Asemblea Xeral, debidamente informados, o orzamento anual de ingresos e gastos, o estado de contas do ano anterior, así como todos aqueles asuntos económicos dos que esta teña de entender.

d) No eido organizativo: nomear transitoriamente órgano reitor dunha estrutura territorial ou sectorial, cando por dimisión, ou por falta de elección, non existan órganos de dirección da mesma; coordinar e facer o seguimento das relacións institucionais do **SEMINARIO**, así como da presenza dos seus representantes nos organismos nos que participe; admitir, sancionar e afastar aos Socios e ás Socias, na forma disposta nestes Estatutos; cubrir as vacantes dos seus membros, no caso de se produciren e entremetres non teñan lugar as eleccións ordinarias; pular a coordinación interna de acción entre as diferentes estruturas territoriais, DELEGACIÓNS, e sectoriais, SECCIÓNS, do **SEMINARIO**; propoñer obxectivos organizativos comúns e facer o seguimento da evolución organizativa en aras da mellor operatividade global conxunta; analizar a situación organizativa e a implantación do **SEMINARIO** a todos os niveis e promover propostas para a súa potenciación.



e) As que expresamente se lle atribúan polos Estatutos en vigor, así como as que lle sexan delegadas pola Asemblea Xeral.

2. Os cometidos correspondentes a cada un dos membros da Xunta Directiva serán fixados pola propia Xunta Directiva, á proposta da Presidencia, quen resolverá os conflitos que puideran producirse entre aqueles, co gallo do exercicio das súas atribucións.

Artigo 21 °: A ASEMBLEA XERAL

1. A Asemblea Xeral é o órgano Colexiado Supremo de Goberno do **SEMINARIO**.

2. Os seus acordos, adoptados conforme aos Estatutos e Regulamento, son de obrigado cumprimento para todos os Socios e Socias.

3. A Asemblea Xeral estará integrada polo número total de Socios e Socias de pleno dereito.

4. Son competencias da Asemblea Xeral:

- a) Aprobar o seu Regulamento de funcionamento.
- b) Reformar os Estatutos.
- c) Definir a liña de acción do **SEMINARIO**.
- d) Elixir á Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Tesourería e os vocais correspondentes da Xunta Directiva.
- e) Elixir, se proceder, aos membros da Comisión de Arbitraje
- f) Aprobar os orzamentos e liquidacións de contas.
- g) Coñecer, debater e aprobar a xestión da Xunta Directiva e demais órganos de Goberno do **SEMINARIO**.
- h) Acordar a disolución do **SEMINARIO**.
- i) Acordar a vinculación ou desvinculación orgánica, afiliación ou desafiliación, federación ou confederación, ou desfederación ou desconfederación do **SEMINARIO** con outras organizacións de similar índole e/ou de ámbito territorial supragalego.
- m) Coñecer e resolver os recursos e as reclamacións que, perante ela, se produzan.
- n) Calquera outra que se estableza.

Artigo 22º: REUNIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DE GOBERNO

1. A Xunta Directiva celebrará, previa a correspondente convocatoria, as súas sesións tantas veces o determine a Presidencia, á iniciativa propia ou á petición de alomenos catro dos seus compoñentes, sendo, en caso contrario, a periodicidade mínima obrigatoria unha vez ao mes. Pola súa parte, a



Asemblea Xeral reunirase sempre que o acorde a Xunta Directiva, por propia iniciativa ou porque o solicite a décima parte dos Socios e Socias.

2. Obrigatoriamente, a Asemblea Xeral deberá ser convocada unha vez ao ano, para censurar a xestión da Xunta Directiva, aprobar o Plano Xeral de Actuación do **SEMINARIO** e, se for o caso, os orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

3. A Xunta Directiva, órgano responsábel da convocatoria da Asemblea Xeral, poderá adoptar un Regulamento para o período gastos e elaborará unha proposta de Regulamento para as sesións da Asemblea Xeral, que deberá ser aprobado por esta ao seu inicio.

4. A Asemblea Xeral reunirase en sesión Extraordinaria cando así o esixan as disposicións vixentes ou o acordase a Xunta Directiva, en atención aos asuntos que se deban tratar e, en todo caso, para coñecer as seguintes materias, nos que será necesario, para acordo válido, o voto favorábel das dúas tercias partes dos Socios e Socias presentes:

- Disposición ou alleamento de bens,
- nomeamento de Xunta Directiva,
- solicitude de declaración de utilidade pública,
- modificación de Estatutos,
- constitución de federacións, etc
- disolución do **SEMINARIO**.

5. A reunión da Asemblea Xeral, á solicitude da décima parte dos e das Socios, terá lugar cando estes e estas o solicitaren da Presidencia por escrito colectivo ou mediante peticións individuais, procedéndose, despois, con arranxo ao disposto para as convocatorias.

6. As convocatorias dos órganos Colexiados, tanto ordinarias como extraordinarias, faranse por escrito, dirixidas nominalmente a cada persoa membro dos mesmos, figurando nelas o día e a hora da celebración, así como a Orde do día, sen que se pida discutir que non estiveren incluídos nela. Á convocatoria achegaranse os documentos necesarios, para que o Socio e a Socia teña coñecemento dos asuntos por tratar, na forma establecida polos presentes Estatutos.

7. Aos efectos da convocatoria a realizar pola Presidencia, e de orde dela, a Secretaría cursará as citacións oportunas, con dez días alomenos, para a Xunta Directiva, de antelación ao da celebración da sesión, e quince para a Asemblea Xeral, podendo, así mesmo, facer constar a data na que, se proceder, se reunirá a Asemblea Xeral en segunda convocatoria sen que entre unha e outra reunión poida mediar un prazo inferior a vinte e catro horas. No suposto de que non se tivese previsto no anuncio a data da segunda convocatoria da Asemblea Xeral, deberá ser esta feita con oito días de antelación á data da reunión.



8. Non obstante o dito anteriormente, no caso da Xunta Directiva, calquera membro poderá propor á mesma que se declare urxente o tratar dun asunto non incluído naquela, o cal será discutido, se a Xunta acorda por unanimidade así o declarar.

9. A asistencia ás sesións dos Órganos Colexiados e o voto neles son indelegábeis.

10. Reunido o Órgano Colexiado, a Presidencia abrirá e levantará a sesión, dirixindo as deliberacións e decidindo con voto de calidade, en caso de empate.

11. Para que os acordos dos Órganos Colexiados sexan válidos deberán ser adoptados por maioría devotos das persoas asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, de un terzo dos seus membros, á excepción das Asembleas Xerais, nas que é abondo calquera número dos Socios e Socias concorrentes ou nos casos en que os presentes Estatutos esixiren un determinado quórum.

12. A Secretaría, ou, no seu defecto, unha Secretaría de Actas, levantará acta das sesións que celebren os Órganos Colexiados, que se transcribirán ao Libro de Actas. Os orixinais de tales Actas ficarán ao coidado da Secretaría do **SEMINARIO**.

13. Na Acta figurarán necesariamente o lugar e data de celebración, o nome e apelidos dos asistentes, breve relación das deliberacións e expresión clara e concreta dos acordos adoptados, facendo constar os votos en contra, se for o caso, e cantos outros extremos a Secretaría estímase oportuno para deixar mellor constancia do ocorrido, así como cantas indicacións ordene a Presidencia.

14. As Actas serán lidas na sesión seguinte e, de mereceren a aprobación do Órgano Colexiado, transcribíranse ao Libro no prazo de tres días, asinándose pola Presidencia e pola Secretaría.

15. Dos acordos e sesións dos Órganos Colexiados trasladarase copia das Actas ás estruturas constituídas. As deliberacións e acordos serán publicados para o seu coñecemento e cumprimento por todos os Socios e Socias.

Artíao 23º: PERSOAL DE SECRETARÍA OU ADMINISTRACIÓN

1. O persoal de Secretaría ou Administración, se o houber, será nomeado pola Xunta Directiva, que acordará, amais, a súa retribución.

2. O devandito persoal realizará os labores de colaboración nas funcións administrativas e económicas que a Xunta Directiva teña ao seu cargo, sen que iso sexa óbice para a súa dependencia directa da Secretaría.

3. O persoal de Secretaría ou Administración manterá co **SEMINARIO** unha relación laboral, estando por iso regulados de acordo coa normativa procedente e as circunstancias derivadas do seu contrato.

4. O citado persoal non ten, por esa circunstancia, a condición de Socio ou Socia, nin os seus deberes ou dereitos. Non obstante, poderá ter tal condición de así o solicitar e cumprir as condicións para iso requiridas.



Artigo 24º: SOCIAS FUNDADORAS E SOCIOS FUNDADORES

1. Terán a consideración de Socios Fundadores e Socias Fundadoras, aquelas persoas que, no intre da aprobación dos presentes Estatutos, asinaren os respectivos documentos asociativos, pola súa condición de membros do **SEMINARIO** antes desta modificación estatutaria.
2. Todos os Socios Fundadores formarán parte da Xunta Directiva do **SEMINARIO**, bardante que renunciaren.
3. As Socias e Socios Fundadores terán os mesmo dereitos e obrigas e deberes do que os demais socios do **SEMINARIO**.

Artigo 25º: SOCIAS E SOCIOS DE NÚMERO

Poderán seren "**MEMBROS**", "**SOCIOS DE NÚMERO**" ou "**SOCIOS**" do **SEMINARIO** as persoas maiores de idade que dalgunha maneira teñan interese en servir os fins do mesmo e sexan admitidas pola Xunta Directiva.

Artigo 26º: "PERSOAL COLABORADOR", "ASESORES" E "MEMBROS DE HONRA"

1. "PERSOAL COLABORADOR":

a) Son aquelas persoas, non socias, que, con carácter xeral ou específico, coadxuvan co **SEMINARIO** a realizar algunha das súas accións, planos ou proxectos, nuns casos altruistamente e noutros percibindo unhas cantidades simbólicas, mais das que o seu labor resulta imprescindible, en todo caso.

b) Gozarán dunha especial consideración e un status distinto de todas as outras categorías, podendo gozar dunha serie de dereitos que a Xunta Directiva, oportunamente, establecerá.

2. "MEMBROS DE HONRA":

a) A Xunta Directiva poderá, por acordo motivado, outorgar o nomeamento de "**MEMBRO DE HONRA**" ás persoas que estime oportuno, a título honorífico ou asesor, sen que iso conleve necesariamente a condición xurídica de Socio ou Socia nin o dereito a participaren nos órganos de goberno ou administración do **SEMINARIO**.

b) O acordo será comunicado á persoa interesada, mediante traslado literal do mesmo, así como a credencial ou diploma, con texto e forma aprobados pola propia Xunta, que acredite a súa condición de **MEMBRO DE HONRA**

c) Os **MEMBROS DE HONRA**, pola súa condición meramente honorífica, estarán exentos de toda clase de obrigas.

3. "PERSOAL ASESOR":

Resultan ser aquelas persoas, que, pola súa talla intelectual ou profesional, capacidade organizativa, experiencia, etc; ao xuízo da Xunta Directiva, se estime procedente a necesidade



e relevancia, así como utilidade, do seu consello e asesoramento, tanto con carácter xeral, como puntual ou concreto, para o que así se lle demande.

Artigo 27º: ADMISIÓN DE SOCIOS E SOCIAS

1. Poderán ser Socios ou Socias do **SEMINARIO** as persoas que reúnan as condicións esixidas nos presentes Estatutos.
2. A afiliación é individual e voluntaria, co único requisito de aceptación e respecto dos presentes Estatutos.
3. A persoa aspirante a Socia ou Socio deberá ser presentada, na súa solicitude, por dous membros do **SEMINARIO**.

Artigo 28º: CONDICIÓN DE SOCIO OU SOCIA

1. Non se adquire a condición de Socio ou Socia entrementes non se satisfaga a cota de entrada na contía e forma que establece a Xunta Directiva.
2. Non obstante, o exercicio dos dereitos de acceso aos Servizos técnicos e de eleccións internas non se poderá reclamar ata transcorridos tres meses desde a data de asignación dun número de Socio ou Socia e teren satisfeitas as cotas correspondentes a ese período.
3. Os dereitos dos Socios e das Socias adquirense desde a data en que a Xunta Directiva acorda a súa admisión.
4. Os dereitos desaparecen a partir do intre en que regulamentariamente se perda a calidade de Socio ou Socia, xa por propia vontade, xa como consecuencia da instrución dun expediente de afastamento.

Artigo 29º: DEREITOS DOS SOCIOS E DAS SOCIAS

1. Todos os Socios e Socias teñen os mesmos dereitos.
2. De conformidade co establecido na lexislación vixente e nos presentes Estatutos, os membros do **SEMINARIO** terán os seguintes dereitos:
 - a) Beneficiárense de todos os Servizos e actividades que promova o **SEMINARIO**
 - b) Garantía da súa liberdade de expresión interna e opinión e de respecto ás súas ideas-políticas, sociais, morais, relixiosas e outras.
 - c) Seren convocados, asistiren e exercitaren o dereito de voz e voto nas Asembleas Xerais e nas de ámbitos respectivo.
 - d) Elixiren e seren elixidos e elixidas para calquera cargo ou para calquera ámbito de representación, de acordo cos presentes Estatutos.



e) Teren acceso aos locais sociais, á documentación e ás publicacións do **SEMINARIO**, así como coñecemento, por escrito, dos acordos adoptados polos órganos directivos.

f) Recibiren información permanente dos seus dereitos e obrigas e seren axudados en caso de represión ou discriminación por pertenceren ao **SEMINARIO** ou polo exercicio da súa actividade como membro do mesmo.

g) Seren oídos ou oídas por escrito en caso de expedientes disciplinares.

h) Calquera outro que se acorde.

Artigo 30º: DEBERES DOS SOCIOS E DAS SOCIAS

1. Todos os Socios e Socias terán as mesmas obrigas para co **SEMINARIO**, agás que ocuparen cargos nos Órganos de Goberno, que terán, amais, os deberes inherentes aos seus respectivos cargos.

2. Serán obrigas de todos os Socios e Socias:

a) Cumpriren e acataren os preceptos contidos nos presentes Estatutos e os acordos validamente adoptados polos Órganos de Goberno, e, se for o caso, dos territoriais ou sectoriais, así como as disposicións vixentes verbo das asociacións.

b) Aboaren as cotas de entrada e as demais de sostemento ou extraordinarias do **SEMINARIO**, nos prazos, períodos e contías que determine para toda a sociedade a Xunta Directiva.

c) Cooperaren, na medida que determine a Xunta Directiva, ás actividades tendentes a serviren as fins do **SEMINARIO**, sen que na esixencia desta cooperación se poidan dar diferencias entre Socios ou Socias.

d) Calquera outra que se puidera acordar.

Artigo 31 º: COMISIÓN DE ARBITRAXE

A Xunta Directiva poderá crear unha **COMISIÓN DE ARBITRAXE** con competencias na vixilancia do respecto dos dereitos estatutarios dos Socios e Socias do **SEMINARIO**, así como a resolución das controversias na interpretación dos presentes Estatutos, polos seus propios termos ou en relación cos aprobados polas SECCIÓNS constituídas.

Artigo 32º: CAUSAS DA PERDA DA CONDICIÓN DE SOCIO OU SOCIA

1. Os Socios ou Socias poderán solicitar en calquera momento a súa baixa no **SEMINARIO** voluntariamente.



2. Ademais, o Socio ou Socia poderá causar baixa no **SEMINARIO** polas seguintes causas:

- a) Suspensión definitiva.
- b) Non aboar a cota durante seis meses, sen causa xustificada, previo apercibimento escrito.

3. A petición de baixa deberase facer por escrito dirixido á Presidencia e presentarse ou remitirse á Secretaría, incluíndose na Orde do día da próxima sesión que celebre a Xunta Directiva, que acordará, sen máis trámite, o afastamento.

4. O afastamento do **SEMINARIO** dun Socio ou Socia, xa for con carácter voluntario, xa for como consecuencia de sanción, deberase anotar no Libro de Socios e na súa ficha correspondente. Ao mesmo tempo, comunicarse á persoa interesada.

5. O afastamento, baixa ou suspensión definitiva non eximirá aos Socios ou Socias de satisfaceren as obrigas que tiveren pendentes para co **SEMINARIO**.

6. A Xunta Directiva poderá acordar o afastamento do **SEMINARIO** daqueles Socios ou Socias que cometeren actos que os fagan persoas indignas de seguiren pertencendo ao mesmo.

Artigo 33º: PATRIMONIO FUNDACIONAL DO SEMINARIO

O SEMINARIO carece de patrimonio fundacional e o límite do orzamento anual non excederá de 90.000 €.

Artigo 34º: RECURSOS ECONÓMICOS

1. Os recursos económicos do **SEMINARIO** serán os previstos nestes Estatutos para o desenvolvemento das actividades do **SEMINARIO**, das súas DELEGACIÓNS ou SECCIÓNS.

2. As contías das cotas serán sinaladas pola Xunta Directiva, á proposta razoada da Tesourería.

3. As cotas poderán ser esixidas trimestral, semestral ou anualmente, a prazo vencido ou a prazo previsto. A súa periodicidade será obxecto de acordo da Xunta Directiva, á proposta da Tesourería.

4. Todas as operacións económicas serán reflectidas no Libro de Caixa.

Artigo 35º: FONTES DOS INGRESOS

1. Os ingresos que pode obter o **SEMINARIO** das súas actividades son os seguintes:

- a) As cotas de entrada, as cotas periódicas e/ou extraordinarias que sinale a a Xunta Directiva.
- b) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións legados, doazóns que poida recibir en forma legal.
- e) Os beneficios de vendas de publicacións, símbolos e demais obxectos arrendamentos, alugueiros, prestación técnicas, asistencia ou de servizos...
- d) Os xuros por contas bancarias...



- e) O patrimonio acumulado ao longo da súa xestión.
- f) Os ingresos por premios e galardóns se for o caso.
- g) Os créditos que foren xestionados.
- h) Os ingresos que obteña o **SEMINARIO** mediante as actividades lícitas que acorde realizar a Xunta Directiva, sempre dentro dos fins estatutarios.
- i) Calquera outro obtido de acordo cos Estatutos.

2. As cantidades que poida percibir o **SEMINARIO** por estes conceptos serán fixados pola Xunta Directiva, á proposta conxunta da Secretaría e a Tesoureiría.

Artigo 36º: REGULAMENTO FINANCEIRO

1. A Xunta Directiva aprobará un Regulamento Financeiro que conterá as normas comúns a todos os órganos do **SEMINARIO** en materia de xestión económica e de procedemento financeiro, que se deberá rexer, entre outros, polos principios de solidariedade e de equilibrio económico entre as diferentes estruturas e que aplicará nas asignacións económicas os criterios de actividade asumida e de servizos xerais garantidos.

2. Tal Regulamento atenderá especificamente:

- a) As normas para a confección e aprobación do orzamento global anual.
- b) O réxime de transferencias entre estruturas.
- c) Os procedementos para a homologación contábel interna.
- d) A participación das diferentes estruturas nos ingresos globais anuais.
- e) O réxime orzamentario básico das estruturas territoriais e sectoriais.
- f) O sistema de responsabilidades.
- g) A determinación da cota.
- h) A fixación da estrutura dos salarios e as indemnizacións, e a aprobación da súa contía.
- i) A creación, composición e funcións dun órgano responsábel do control de contas.

Artigo 37º: INTERVENCIÓN E PUBLICIDADE DA ADMINISTRACIÓN DOS FONDOS

A administración dos fondos do **SEMINARIO** levarase a cabo sometida á correspondente intervención e coa publicidade suficiente, a fin de que os socios e socias poidan teren coñecemento periodicamente do destino dos fondos, sen prexuízo do dereito consignado verbo disto nos presentes Estatutos.



Artigo 38º: ESIXENCIA DE RECIBOS

O **SEMINARIO** non poderá recibir ningunha cantidade sen entregar a cambio o oportuno recibo asinado pola Tesourería, que se extraerá do correspondente talonario, normalizado, e impreso polo **SEMINARIO** e debidamente asinado. De cada número de recibo existirán dúas copias, a primeira para entregar á persoa interesada e a segunda para a Tesourería.

Artigo 39º: PAGAMENTOS

A Tesourería non poderá realizar ningún pagamento a cargo dos fondos, sen a previa Orde de Pagamento da Presidencia, orde que haberá de ser intervida polo Tesoureiro ou Tesoureira, tomando razón e comprobando o acordo que xustifique aquela Orde.

Artigo 40º: ORZAMENTOS

Os proxectos de orzamentos anuais serán redactados pola Presidencia do **SEMINARIO** coa Tesourería, para seren pasados á Xunta Directiva, que os aprobará previamente aos incluíren na Orde do Día da Asemblea Xeral. Quince días antes de os someteren á Asemblea, remitiranse a todos os Socios e Socias, asinados pola Tesourería

Artigo 41º: ESTADO DE CONTAS

1. Os estados de contas serán sometidos á Asemblea Xeral primeira que se celebre despois de rematado o ano natural ao que se retiran.
2. Previamente, serán remitidos por escrito a cada Socio ou Socia, que os deberán ter no seu poder, polo menos, con quince días de antelación ao da celebración da Asemblea.
3. O proxecto de estado de contas que se remita deberá estar asinado pola Tesourería, co "Visto e Prace" da Presidencia.

Artigo 42º: ACORDO DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS

A modificación dos presentes Estatutos poderase facer á iniciativa da Xunta Directiva, ou por acordo desta cando o solicite o dez por cento dos Socios e Socias.

Artigo 43º: ACORDO DA DISOLUCIÓN DO SEMINARIO

1. O **SEMINARIO GALEGO DE EDUCACIÓN PARA A PAZ** disolverase por vontade dos seus Socios e Socias, polas causas determinadas no Código Civil e por sentenza xudicial.
2. No primeiro dos casos será necesario o acordo adoptado en Asemblea Xeral Extraordinaria, con voto favorábel de dúas tercias partes dos membros presentes, de conformidade co disposto nestes Estatutos.
3. No acordo de disolución fixarase o destino dos bens que puideran ficar.



Artigo 44º: COMISIÓN LIQUIDADORA DO SEMINARIO

1. En caso de se disolver o **SEMINARIO**, a Asemblea Xeral que acordase a disolución nomeará unha **COMISIÓN LIQUIDADORA**, composta por cinco membros extraídos dos da Xunta Directiva.

2. De tal comisión formarán parte necesariamente a Presidencia, que presidirá as reunións que celebre, a Secretaría e a Tesourería.

3. A devandita Comisión terá os seguintes cometidos:

a) Comprobar o último saldo de contas

b) Confeccionar a liquidación final

c) Coidar de dar aos bens fondos sociais o destino que establecen os presentes Estatutos, aos efectos do cal obterá os oportunos documentos de quen reciban aqueles, preparando toda a documentación necesaria para remitir ás Administracións que procedan, a fin de solicitar a baixa do rexistro correspondente.

4. A Comisión farase cargo dos fondos que existan, para que, logo de satisfeitas as obrigas, o remanente, se o houber, sexa entregado a calquera entidade legalmente constituída con domicilio na Comunidade Autónoma da Galiza que se dedique a iguais ou, no seu defecto, análogos fins aos do **SEMINARIO**.

Artigo 45º: IDIOMA OFICIAL

O idioma oficial do **SEMINARIO** é o galego, no que se expresa normalmente.

Artigo 46º: VOCEIROS

A Xunta Directiva aprobará a edición dos voceiros oficiais do **SEMINARIO**, así como o seu formato, contidos, prezo e periodicidade.

Artigo 47º: OUTRAS PUBLICACIÓNS

O **SEMINARIO**, a través da súa Xunta Directiva, poderá editar cantos tipos de follas informativas estime necesarias, así como calquera outra publicación, venal ou non, con independencia do formato, soporte e periodicidade.

Artigo 48º: CARTA DE IDENTIDADE (CARNÉ) DO SOCIO OU SOCIA

1. Todas as persoas vencelladas ao **SEMINARIO** disporán dunha **CARTA DE IDENTIDADE (CARNE)**

2. A **CARTA DE IDENTIDADE** será igual para todas as persoas, á excepción da indicación do tipo de vencello ou categoría de persoal, tal como se trata nos presentes Estatutos:

- SOCIOS FUNDADORES

- SOCIOS DE NÚMERO



- PERSOAL DE SECRETARÍA
- PERSOAL COLABORADOR
- PERSOAL ASESOR
- MEMBRO DE HONRA

3. Para os Socios e Socias de número, a posesión da **CARTA DE IDENTIDADE** estará en función do aboamento puntual das cotas e da non perda dos dereitos polas causas previstas nos presentes Estatutos.

4. O **SEMINARIO** resérvase o dereito de esixir a presentación da **CARTA DE IDENTIDADE** como requisito previo imprescindible non só para a acreditación da persoa senón tamén para o goce de calquera dereito, actividade, etc.

APROBADO POR UNANIMIDADE

Dª M. DOS ANXOS RODRÍGUEZ MOURENZA, Secretaria da Asociación á que se refiren estes Estatutos, CERTIFICA que os presentes Estatutos foron modificados para adaptalos ás previsións da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria de data 23 de abril de 2004

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2004

Asdo: A Secretaria

Vº e prace
O Presidente